



ORDENANZA FISCAL Nº 12/2008 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL CONSTITUÍDOS POLA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVA DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE

PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Excmo. Concello de Pontevedra establece a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local constituídos pola entrada de vehículos a través das aceiras e as reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, a que se refire o artigo 20.3.h) do citado Real decreto legislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

Artigo 1. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible desta taxa, á utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público municipal con entradas de vehículos ou carruaxes a través das beirarrúas e terreos de uso público, reservas de vía pública para aparcamento exclusivo ou para carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

2. Nos supostos de entrada de vehículos ou carruaxes, o feito imponible realízase aínda nos casos en que non sexa precisa a reserva de vía pública por estar o acceso situado en zona de aparcamento prohibido.

Artigo 2. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a cuxo favor se outorguen as licenzas, ou quen se beneficien do aproveitamento, se aínda non se concedera a oportuna autorización.

2. Son suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios das fincas e locais a que dean acceso as entradas de vehículos ou carruaxes, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

Artigo 3. Responsábeis

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

Artigo 4. Beneficios fiscais

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

Artigo 5. Base imponible

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa o valor de mercado que tería a utilización privativa ou o aproveitamento especial, e todo en función do destino da entrada de vehículos ou reserva, da categoría da vía pública onde se sitúen e, segundo os casos, do número de prazas de garaxe ou dos metros lineais de reserva.

Artigo 6. Cota tributaria

1. A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a resultante da aplicación ás tarifas contidas no presente artigo, o correspondente coeficiente fixado no punto 5 do mesmo.

2. A taxa esixirase de acordo co seguinte cadro de tarifas:

A) ENTRADA DE VEHÍCULOS OU CARRUAXES

- a) Garaxes particulares de vivendas unifamiliares ou fincas e recintos particulares: o importe anual será de 24,10 euros.
- b) Garaxes de comunidades para uso exclusivo de vivendas: o importe anual será de 24,10 euros, ao que se engadirá a cantidade de 3,62 euros por cada praza.
- c) Garaxes abertos ao público e talleres de automóviles e vehículos de motor, incluso de lavado e engraxe: o importe anual será de 48,22 euros, ao que se engadirá a cantidade de 3,62 euros por cada praza.
- d) Garaxes de establecementos comerciais, industriais ou de servizos para uso exclusivo e gratuíto do seu persoal e/ou clientes: o importe anual será de 48,22 euros, ao que se engadirá a cantidade de 3,62 euros por cada praza.
- e) Entradas de establecementos comerciais, industriais ou de servizos non susceptibles de ser utilizados como garaxes: o importe anual será de 48,22 euros.

B) RESERVAS ESPECIAIS PARA APARCAMENTO OU PARA CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS:

O importe anual será de 241,04 euros por cada cinco metros lineais ou fracción.

3. Naqueles casos en que a tarifa se multiplique polo número de prazas, tomarase como número de prazas o que sexa maior dos seguintes:

- a) O número de prazas en que se encontre efectivamente dividido o local.
- b) O resultado de dividir entre 20 a superficie total, en metros cadrados, do mesmo, incluíndo ramplas, zonas comúns, etc. No caso de ser descuberto, dividirase entre 30.

4. A esixencia da tarifa por entrada de vehículos ou carruaxes presupón a non esixencia da tarifa por reserva especial para aparcamento exclusivamente pola lonxitude imprescindible para o acceso á entrada de vehículos. Por conseguinte, esixirase a tarifa por reserva especial para aparcamento pola lonxitude que exceda deste mínimo.

5. Sobre a tarifa así determinada aplicarase a seguinte escala de coeficientes, en función da categoría fiscal da rúa onde se sitúen a entrada ou a reserva, segundo as categorías previstas na Ordenanza fiscal reguladora do imposto de actividades económicas:

CATEGORÍA	COEFICIENTE
Rúas de 1ª categoría.....	1,4
Rúas de 2ª categoría.....	1,2
Rúas de 3ª categoría.....	1,0
Rúas de 4ª categoría.....	0,9
Rúas de 5ª categoría.....	0,8

6. Os parques e prazas públicos asimílanse, aos efectos desta taxa, as rúas da categoría máis alta daquelas que os circundan. Cando a entrada se sitúe na confluencia de dúas rúas, aplicarase o coeficiente correspondente á de categoría máis alta. No caso de garaxes con dúas ou máis entradas situadas en rúas de distinta categoría, aplicarase o coeficiente correspondente á de categoría máis alta.



7. No caso de entradas de vehículos ou carruaxes que sirvan de acceso a dous ou máis garaxes, os suxeitos pasivos satisfarán cotas individualizadas por cada garaxe.

8. No caso de garaxes con máis de un uso, que dean lugar á suxeición a tarifas distintas, aplicaráselle a tarifa máis alta.

Artigo 7. Período impositivo e devengo

O período impositivo coincidirá co ano natural. A taxa devengase o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos de alta ao longo do período impositivo, que se producirá no momento da ocupación.

NORMAS DE XESTIÓN

Artigo 8. Autoliquidacións e declaracións

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar as oportunas autoliquidacións coa alta e as declaracións de baixa. Así mesmo, cando se produza unha modificación da superficie, que supoña un incremento da cota tributaria, estarán obrigados a presentar a correspondente autoliquidación. No caso de que a modificación supoña a diminución da cota tributaria, estarán obrigados a presentar unha declaración pola dita modificación. Tamén presentaranse declaracións de cambio de titularidade.

2. As citadas autoliquidacións ou declaracións deberán ser presentadas nos 5 días naturais do:

- a) Inicio do aproveitamento, nos casos de alta ou modificación que implique un incremento da superficie.
- b) Cese do aproveitamento, nos casos de baixa ou modificación que implique unha diminución da superficie.

3. As declaracións de cambio de titularidade das ocupacións realizadas tramitaranse como modificacións, debendo ser presentadas polo novo titular. A esta declaración acompañaráselle copia do último recibo e a copia do título que provoca o cambio de titularidade. En ningún caso, a simple presentación da declaración de baixa polo anterior titular surtirá efectos mentres continúen instalados os elementos.

4. A falta de presentación das autoliquidacións determinará que os aproveitamentos detectados se entendan realizados desde a data da concesión da licenza de obra ou do inicio de calquera actuación administrativa que declare a súa existencia, no caso de que comezase previamente á obtención da licenza, aplicándose a tarifa correspondente a dito período, sen prexuízo das sancións que pola falta de presentación das autoliquidacións se puideran impoñer. No caso de reservas de vía pública, tomarase como referencia, non a concesión da licenza de obras, senón a solicitude da autorización para a ocupación.

5. A falta de presentación das autoliquidacións de incremento de ocupación determinará que se considere á superficie ocupada efectivamente como si o estivera desde a data da alta ou a determinada, no seu caso, de acordo coas normas do apartado anterior, sen prexuízo das sancións que pola falta de presentación das autoliquidacións se puideran impoñer.

6. A presentación fora de prazo da declaración de baixa ou de modificación producirá efectos desde a súa presentación, de acordo co disposto no artigo 119.3 da Lei 58/2003, sen prexuízo das sancións que se poidan impoñer.

7. O prazo de pago en período voluntario das autoliquidacións será de quince días naturais.

Artigo 9. Xestión

1. A taxa xestionarase mediante padrón que, unha vez aprobado polo órgano competente, exporase ao público polo prazo dun mes no taboleiro de anuncios deste Concello. En todo caso, publicaranse os anuncios de exposición no Boletín Oficial da Provincia.

2. As autoliquidacións de alta producirán a incorporación dos suxeitos pasivos ao padrón do período impositivo seguinte a aquel no que se efectúen as citadas autoliquidacións. Á dita autoliquidación de alta acompañarase:

- a) Referencia catastral do inmovible onde se sitúe o obxecto tributario.
- b) Identificación do suxeito pasivo contribuínte e o substituto do contribuínte.
- c) Plano ou bosquexo do inmovible, onde se reflectan as prazas existentes e a total superficie do mesmo.

3. As declaracións de baixa producirán a baixa no padrón do período impositivo seguinte a aquel no que se efectúen as citadas declaracións.

4. As autoliquidacións e declaracións de modificación producirán a incorporación ao padrón do período impositivo seguinte a aquel no que se efectúen.

5. En ningún caso, o inicio do procedemento de xestión ou o pago da cota implicará que se entendan como autorizadas polo Excmo. Concello de Pontevedra as distintas ocupacións ou reservas.

6. As cantidades esixibles con arranxo ás tarifas liquidaranse mediante recibo ou autoliquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polo período sinalado.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

1. A contía da cota da taxa actualizarase cada ano conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

2. O cálculo da actualización farase tendo en conta a evolución do IPC durante período comprendido entre o mes de agosto dos dous anos anteriores ao da súa aplicación, e o mes de xullo do ano inmediatamente anterior ao da súa aplicación, ambos inclusive. É dicir, a actualización do ano "X" terá en conta a evolución do IPC desde o mes de agosto do ano "X-2" hasta o mes de xullo do ano "X-1".

3. A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 21 de decembro de 2001, aprobose polo propio Pleno na sesión celebrada o día 21 de decembro de 2007, e, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008, producindo efectos ata a súa modificación ou derogación.